
BASES XII PREMIOS MESTRE MATEO

2014

Academia Galega do Audiovisual

ÍNDICE

1. Introducción	3
2. Categorías	3
3. Condicións e requisitos para as categorías	4
3.1. Categorias de produción	4
3.2. Categorias profesionais	6
3.3. Premios honoríficos	8
3.4. Outras consideracións	8
4. Os trofeos	8
5. Candidaturas	8
5.1. Normas xerais de admisión	8
5.2. Documentación a presentar coas candidaturas	9
5.3. Cota de inscrición	10
5.4. Prazo de inscrición e calendario	10
6. Sistema de votación	10
7. Aceptación do regulamento	11

1. INTRODUCCIÓN

A Academia Galega do Audiovisual convoca a XII edición dos Premios do Audiovisual Galego “Mestre Mateo” como recoñecemento ás obras galegas estreadas no ano 2013 e ós profesionais que traballaron nelas nos seus distintos aspectos técnicos e creativos.

Os Premios Mestre Mateo, como resultado da votación por parte dos académicos e académicas, enmárcanse dentro do exercicio do dereito de liberdade de expresión e supoñen, en consecuencia, unha manifestación dun dereito inherente ó funcionamento correcto do sistema democrático. Desta forma, as opinións dos académicos e académicas en forma de votación non son outra cousa que a expresión libre duns profesionais do sector audiovisual que, co seu voto, recoñecen as mellores obras e os mellores profesionais do ano en Galicia.

Os premios, a través das normas que conteñen estas bases, intentan conxugar tres elementos básicos: a igualdade de oportunidades ante os premios de todos cantos traballan no sector audiovisual, a adecuación á realidade sempre cambiante da produción de cada ano, e a necesidade de ofrecer ós socios e ó público en xeral unha Gala que sexa un espello atractivo da realidade do sector audiovisual galego.

2. CATEGORÍAS

Concederanse os seguintes premios:

CATEGORÍAS DE PRODUCCIÓN

- 2.1. Mellor Longametraxe.
 - 2.1.1. Mellor Longametraxe
 - 2.1.2. Mellor Longametraxe para Televisión
 - 2.1.3. Mellor Longametraxe de Animación
- 2.2. Mellor Documental
- 2.3. Mellor Serie
 - 2.3.1. Mellor Serie de Televisión
 - 2.3.2. Mellor Serie Web
- 2.4. Mellor Programa de Televisión
- 2.5. Mellor Curtametraxe
 - 2.5.1. Mellor Curtametraxe de Imaxe Real
 - 2.5.2. Mellor Curtametraxe de Animación
- 2.6. Mellor Anuncio Publicitario
- 2.7. Mellor Videoclip

CATEGORÍAS PROFESIONAIS

- 2.8. Mellor Interpretación Masculina Protagonista
- 2.9. Mellor Interpretación Feminina Protagonista
- 2.10. Mellor Interpretación Masculina de Reparto
- 2.11. Mellor Interpretación Feminina de Reparto
- 2.12. Mellor Comunicador/a de Televisión
- 2.13. Mellor Dirección
- 2.14. Mellor Guión

- 2.15. Mellor Dirección de Fotografía
- 2.16. Mellor Dirección de Arte
- 2.17. Mellor Montaxe
- 2.18. Mellor Realización
- 2.19. Mellor Música Orixinal
- 2.20. Mellor Son
- 2.21. Mellor Vestiario
- 2.22. Mellor Maquillaxe e Perruquería
- 2.23. Mellor Dirección de Producción

3. CONDICIÓN E REQUISITOS PARA AS CATEGORÍAS

3.1. CATEGORÍAS DE PRODUCCIÓN.

Poderán participar aquelas obras que tiveran a súa primeira comunicación pública entre o 1 de xaneiro de 2013 e o 31 de decembro de 2013, e que cumpran, como mínimo, cun dos seguintes requisitos:

- Que a versión orixinal sexa en lingua galega.
- Que, como mínimo, o 25% da produción corresponda a unha ou varias produtoras con domicilio social en Galicia.
- Que o 50% do equipo técnico e artístico sexa galego ou residente en Galicia. Para contabilizar estas porcentaxes non se terán en conta os meritorios nin ós bolseiros.

Enténdese por **comunicación pública** todo acto polo cal unha pluralidade de persoas poden ter acceso a unha obra (salas de cine, festivais, televisión, Internet, etc.) sen previa distribución de exemplares a cada unha delas. Non se considera pública a comunicación cando se celebre dentro dun ámbito estritamente doméstico que non estea integrado ou conectado a unha rede de difusión de calquera tipo. En todo caso, a produtora elixirá cal é a data da estrea oficial.

3.1.1. Mellor Longametraxe.

3.1.1.1. Poden acceder a este premio as longametraxes de imaxe real (ficción, non ficción, documental e experimental) e de animación, creadas para a súa exhibición cinematográfica ou televisiva, que teñan unha duración igual ou superior a 60 minutos.

3.1.1.2. Considerarase que unha longametraxe é cinematográfica cando conte con certificado de data estrea expedido polo ICAA.

3.1.1.3. Considerarase que unha longametraxe é de animación cando un número significativo de personaxes sexan animados e a animación supoña un mínimo do 75% da duración da película. No caso de películas mixtas de animación e imaxe real, a animación terá que aparecer soa ou misturada coa imaxe real en a lo menos o 75% do total da duración da película. No momento de realizar a inscrición deberase sinalar a minutaxe.

3.1.1.4. Considerarase longametraxe para televisión (ou tv movie) aquela que estea creada para a súa emisión por calquera medio televisivo.

3.1.1.5. Considerarase que unha longametraxe é de índole documental cando teña unha duración superior a 60 minutos e o seu contido sexa de natureza científica, cultural, social ou experimental.

3.1.1.6. Sempre que, habendo un mínimo simultáneo de **TRES longametrxes cinematográficas de imaxe real**, se presenten tamén un mínimo de **TRES longametrxes de animación** e **TRES longametrxes para televisión**, abrírase a categoría de *Mellor Longametraxe*, *Mellor Longametraxe de Animación* e *Mellor Longametraxe para Televisión*. No caso de que se presenten menos de tres producións de longametrxes de cine de imaxe real e/ou menos de tres en longametrxes de animación pero se presenten un mínimo de **CATRO** longametrxes para televisión, haberá a categoría de *Mellor Longametraxe para Televisión*. En calquera caso, as longametrxes de índole documental sempre competirán na categoría de Mellor Longametraxe.

3.1.2. Mellor Documental.

Poden acceder a este premio obras de contido documental de índole científica, cultural, social ou experimental independentemente da súa duración.

Aqueles documentais cunha duración superior aos 60 minutos, poderán elixir se compiten na categoría de Mellor Documental ou na categoría de Mellor Longametraxe.

3.1.3. Mellor Serie.

3.1.3.1. Poden acceder a este premio as series de ficción ou documentais, tanto de imaxe real como de animación, que estean creadas para a súa emisión por televisión ou internet.

3.1.3.2. Considérase serie web, aquela que realice a súa primeira comunicación pública a través dunha páxina web como YouTube, Vimeo, etc.

3.1.3.3. Sempre que, habendo un mínimo de **TRES series de televisión**, se presenten tamén un mínimo de **TRES series web** a Xunta Directiva, ou no seu caso a comisión, poderá crear as categorías de *Mellor Serie de TV* e *Mellor Serie Web*.

3.1.4. Mellor Programa de Televisión.

Poden acceder a este premio a serie de programas ou programa unitario de carácter meramente informativo, educativo, de entretemento ou espectáculo emitidos por televisión. Quedan excluídos os telexornais e retransmisións deportivas.

3.1.5. Mellor Curtametraxe.

3.1.5.1. Poden acceder a este premio tanto curtametrxes de imaxe real (ficción, non ficción e experimental) como de animación, de duración inferior a 60 minutos.

3.1.5.2. Considerarase que unha curtametraxe é de animación cando un número significativo de personaxes sexan animados e a animación supoña un mínimo do 75% da duración da curtametraxe. No caso de curtametrxes mixtas de animación e imaxe real, a animación terá que aparecer soa ou misturada coa imaxe real en, como mínimo, o 75% do total da duración da obra.

3.1.5.3. Sempre que, habendo un mínimo de **TRES curtametraxes de imaxe real**, se presenten tamén un mínimo de **TRES curtametraxes de animación**, a Xunta Directiva, ou no seu caso a comisión, poderán crear as categorías de *Mellor Curtametraxe de Imaxe Real* e *Mellor Curtametraxe de Animación*.

3.1.6. Mellor Anuncio Publicitario.

Poden acceder a este premio os anuncios publicitarios audiovisuais creados para promocionar unha marca ou servizo e que se constituía como unha obra unitaria. No caso de tratarse dunha campaña só poderá presentarse unha peza.

3.1.7. Mellor Videoclip.

Poden acceder a este premio os videoclips musicais creados para a representación visual e promoción dunha canción ou tema musical.

3.2. CATEGORÍAS PROFESIONAIS.

Poden participar tódolos profesionais, galegos ou non, que participen en longametraxes cinematográficas (tanto de imaxe real como de animación) ou para televisión, en documentais cunha duración superior ós 60 minutos, en series de televisión ou programas de televisión -incluídos os presentadores de informativos e programas deportivos-; sempre que cumpran os requisitos das categorías específicas aínda que a produción pola que se presentan non estea presentada como tal.

Quedan excluídos tódolos alumnos de centros de ensino cuxos traballos teñan lugar no ámbito académico.

3.2.1. Mellor Interpretación Feminina Protagonista.

Poden acceder a este premio as actrices que desenvolvan un papel protagonista en longametraxes de imaxe real (cinematográficas ou para televisión) e series de televisión.

3.2.2. Mellor Interpretación Masculina Protagonista.

Poden acceder a este premio os actores que desenvolvan un papel protagonista en longametraxes de imaxe real (cinematográficas ou para televisión) e series de televisión.

3.2.3. Mellor Interpretación Feminina de Reparto.

Poden acceder a este premio as actrices que desenvolvan un papel secundario ou característico en longametraxes de imaxe real (cinematográficas ou para televisión) e series de televisión.

3.2.4. Mellor Interpretación Masculina de Reparto.

Poden acceder a este premio os actores que desenvolvan un papel secundario ou característico en longametraxes de imaxe real (cinematográficas ou para televisión) e series de televisión.

3.2.5. Mellor Comunicador/a de Televisión.

Poden acceder a este premio os presentadores/as de programas informativos, incluídos presentadores/as de telexornais e retransmisións deportivas, educativos, de entretemento ou espectáculo, tanto infantís coma para adultos, sexa cal sexa a súa periodicidade.

3.2.6. Mellor Dirección.

Poden acceder a este premio os directores de longametraxes cinematográficas (tanto de imaxe real como de animación) ou para televisión, e documentais cunha duración superior ós 60 minutos e de series de televisión.

3.2.7. Mellor Guión.

Poden acceder a este premio os guionistas ou equipos de guión, autores de guións orixinais e/ou adaptados que correspondan a longametraxes cinematográficas (tanto de imaxe real como de animación) ou para televisión, documentais cunha duración superior ós 60 minutos, series de televisión e programas de televisión.

3.2.8. Mellor Dirección de Fotografía.

Poden acceder a este premio os directores de fotografía, xefes de iluminación e/ou iluminadores de longametraxes cinematográficas (tanto de imaxe real como de animación) ou para televisión, de documentais cunha duración superior ós 60 minutos, de series de televisión e de programas de televisión.

3.2.9. Mellor Dirección de Arte.

Poden acceder a este premio os directores de arte e/ou decoradores de longametraxes cinematográficas (tanto de imaxe real como de animación) ou para televisión, de documentais cunha duración superior ós 60 minutos, de series de televisión e programas de televisión.

3.2.10. Mellor Montaxe.

Poden acceder a este premio os montadores, xefes de montaxe e/ou editores de longametraxes cinematográficas (tanto de imaxe real como de animación) ou para televisión, de documentais cunha duración superior ós 60 minutos, de series de televisión e de programas de televisión.

3.2.11. Mellor Realización.

Poden acceder a este premio os realizadores e/ou xefes de realización de programas de televisión educativos, de entretemento ou espectáculo, tanto infantís coma para adultos, sexa cal sexa a súa periodicidade (quedando excluídos os telexornais e retransmisións deportivas).

3.2.12. Mellor Música Orixinal.

Poden acceder a este premio os autores das composicións musicais para longametraxes cinematográficas (tanto de imaxe real como de animación) ou para televisión, para documentais cunha duración superior ós 60 minutos, para series de televisión e para programas de televisión.

3.2.13. Mellor Son.

Poden acceder a este premio os xefes de equipo do son directo, da montaxe de son, e das mesturas, de longametraxes cinematográficas (tanto de imaxe real como de animación) ou para televisión, de documentais cunha duración superior ós 60 minutos, de series de televisión e de programas de televisión.

3.2.14. Mellor Vestiario.

Poden acceder a este premio os xefes de vestiario ou figurinistas de longametraxes de imaxe real (cinematográficas ou para televisión), de series de televisión e de programas de televisión.

3.2.15. Mellor Maquillaxe e Perruquería.

Poden acceder a este premio os xefes de maquillaxe e perruquería de longametraxes de imaxe real (cinematográficas ou para televisión), de series de televisión e de programas de televisión.

3.2.16. Mellor Dirección de Producción.

Poden acceder a este premio os directores e/ou xefes de produción de longametraxes de imaxe real (cinematográficas e para televisión) e de animación, documentais cunha duración superior ós 60 minutos, series de televisión e programas de televisión.

3.3. PREMIOS HONORÍFICOS.

3.3.1. Os premios de honra quedarán a criterio da Xunta Directiva, tanto a súa designación coma a súa denominación.

3.3.2. Calquera académico ou académica poderá presentarlle á Xunta Directiva candidatos para os premios de honra. Estas candidaturas deberán presentarse argumentadas.

3.4. OUTRAS CONSIDERACIÓNS

A Xunta Directiva ou, no seu caso, a comisión de seguimento poderá modificar as categorías en función da produción do ano, establecendo un **mínimo de 2 candidatos** en cada categoría, salvo nas excepción de longametraxes (cinematográficas, de animación e para televisión), series (de televisión e web) e curtametraxes (de imaxe real e de animación).

4. OS TROFEOS

4.1. Os trofeos consistirán en pezas artísticas fabricadas expresamente para esta fin, en edición exclusiva, e sen dotación económica.

4.2. A Academia entregará un único trofeo por cada categoría, excepto nos casos de premio ex-aequo, nos que se entregará un trofeo por cada candidatura gañadora.

4.3. Poderanse realizar duplicados para os profesionais gañadores, previa solicitude expresa, debendo ser o interesado quen sufrague os gastos de fabricación.

4.4. Tódolos candidatos nomeados recibirán un diploma ou certificado acreditativo.

5. CANDIDATURAS

5.1. NORMAS XERAIS DE ADMISIÓN.

5.1.1. As candidaturas ás diferentes categorías tanto de produción como de profesionais dos Premios Mestre Mateo poden ser presentadas por persoas físicas ou xurídicas con dereitos sobre a obra correspondente ou por calquera académico/a con dereito a voto segundo o establecido nas presentes bases.

5.1.2. Os traballos deben enviarse ou presentarse na sede da ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL situada na Praza Pintor Sotomayor nº1, 2º piso, 15001, A Coruña. No caso de enviarse, a folia de inscrición deberá vir debidamente selada por Correos.

5.1.3. No caso de candidaturas presentadas por membros da Academia deberán presentar como mínimo o formulario de inscrición cuberto.

5.1.4. A Academia poderá solicitar a documentación que estime oportuna para acreditar o cumprimento dos distintos requisitos sinalados nas presentes bases. A non presentación da documentación requirida poderá levar á exclusión da candidatura na presente convocatoria.

5.1.5. A Academia non se responsabiliza dos erros ou omisións nos datos ofrecidos polas persoas físicas ou xurídicas que realicen a inscrición das obras e/ou profesionais.

5.1.6. Pódense presentar tantos traballos como sexa oportuno.

5.1.7. A Xunta Directiva ten a potestade de crear unha comisión específica para o seguimento das bases dos premios Mestre Mateo. No caso de crear esta comisión, procurará que esta formada por un representante de cada unha das categorías profesionais especificadas nos Estatutos da Academia.

5.1.8. A Xunta Directiva ou, no seu caso, a comisión poderá excluír os candidatos que non cumpran estritamente estas bases ou cando os datos que figuren sexan falsos, erróneos ou equivocados.

5.1.9. É necesaria a autorización expresa á Academia para dispoñer, sen contraprestación ningunha, sen limitación temporal ou de calquera outra clase, de fragmentos e fotogramas da produción a concurso. A utilización ou comunicación pública da gravación por parte da Academia só se realizará nun contexto informativo e educativo e excluírá a explotación.

5.1.10. As obras audiovisuais só poden competir nunha única categoría das que figuran nos artigos do 3.1.1 ao 3.1.7.

5.1.11. Os actores e actrices só poden competir nunha das categorías sinaladas nos artigos do 3.2.1. ao 3.2.4. pola súa interpretación nunha obra.

5.1.12. Non poden participar aquelas obras que xa competiran nalgunha edición anterior. No caso das series e programas de televisión si poden participar sempre que se trate de novas tempadas.

5.2. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COAS CANDIDATURAS.

- Formulario de inscrición cuberto e asinado por quen promova a candidatura Segundo a categoría, haberá un documento distinto para a inscrición.
- **Dúas copias** do traballo presentado en DVD (devolverase unha copia sempre e cando sexa solicitado expresamente). No caso das series, ou conxunto homoxéneo de programas, ou un programa de emisión continuada e indefinida no tempo, deberá presentarse un capítulo ou programa individualizado.
- Sinopse e duración.
- Ficha do equipo técnico e do equipo artístico completo da produción.
- Declaración xurada na que se especifique que requisitos e, no seu caso, que porcentaxes, se cumpren do artigo 3 (Anexo 1).

- Autorización a enviar unha copia da obra aos socios e a incluíla, no caso de resultar finalista, na actividade formativa "Encontros Mestre Mateo" (Anexo 2).
- CD que conterá a sinopse, duración, ficha de equipo técnico e artístico da obra (todo isto preferiblemente en Word), imaxes da obra (cartel, frames, fotografías da rodaxe e da presentación) e unha web de referencia da produción.
- Recibo do ingreso da cota de inscrición.

5.3 . COTA INSCRICIÓN.

5.3.1. Nas candidaturas a categorías de produción é imprescindible o pago da cota de inscrición. Os importes establecidos son: 30,00 euros polo primeiro traballo presentado e 10,00 euros por cada un dos traballos adicionais. Estes importes deberán ingresarse no nº de conta: 2080 0099 36 3040012325 (Novagalicia Banco).

5.3.2. Quedan exentas do pago da cota de inscrición as candidaturas a categorías profesionais.

5.4. PRAZO DE INSCRICIÓN E CALENDARIO.

5.4.1. A apertura do prazo de recepción de obras abrirase o 4 de novembro de 2013. Fíxase a data do 29 de novembro de 2013 como límite para enviar ou entregar as propostas de candidaturas.

5.4.2. No caso de tratarse de producións que tiveran a súa primeira comunicación pública entre o 29 de novembro e o 31 de decembro de 2013. (ambos inclusive) poderanse inscribir igualmente pero terán que acreditar á Academia a súa estrea no período sinalado antes do 8 de xaneiro de 2014. En calquera caso, as obras que teñan prevista a súa estrea entre o 29 de novembro e o 31 de decembro de 2013, a produtora deberá facer chegar á Academia igualmente os materiais e documentación nos prazos establecidos para poder concorrer aos Premios. A Academia non se responsabilizará de erros ou omisións nos datos achegados.

5.4.3. Unha vez rematado este prazo a Academia porá a disposición de tódolos académicos a relación das producións presentadas que cumpran os requisitos para participar, xunto cos listados dos equipos técnico e artístico correspondentes para que poidan alegar cuestións só relativas ás obras presentadas en prazo e forma.

6. SISTEMA DE VOTACIÓN

6.1. Teñen dereito a voto os membros da Academia Galega do Audiovisual que se encontren ó corrente do pagamento das cotas e cuxa alta fose aprobada pola Xunta Directiva antes do 31 de decembro de 2013.

6.2. Cada socio poderá votar unha única vez en cada unha das votacións.

6.3. Selección dos nomeados:

6.3.1. Na primeira votación, cada socio recibirá un listado onde se recollan, por orde alfabética, tódolos traballos e os profesionais candidatos para ser nomeados.

6.3.2. Cada socio con dereito a voto debe emitir CATRO (4) ou CERO (0) votos por cada categoría. No caso de que se vote un número distinto de CATRO (4) ou cero (0), é dicir, 1, 2 ou 3 candidatos, nunha categoría concreta, anularase o voto desa categoría.

6.3.3. No caso de categorías con catro ou menos de catro candidatos, serán todos automaticamente nomeados.

6.3.4. O número de nomeados só excederá de catro no caso de que exista empate no cuarto posto.

6.3.5. No caso de que un profesional resulte nomeado en máis dun proxecto na mesma categoría, figurará unicamente o nomeamento pola produción na que obtivera máis votos.

6.4. Selección dos premiados:

6.4.1. Na segunda votación, cada socio recibirá as papeletas de escrutinio cos nomeados por cada categoría en orde alfabética.

6.4.2. Cada socio con dereito a voto debe emitir UN (1) ou ningún voto por cada categoría. No caso de que se vote máis de UN (1) nunha categoría concreta anularase o voto desa categoría.

6.4.3. Para garantir o anonimato no voto e a limpeza do proceso, será un notario o encargado da recepción e recuento de tódalas papeletas de votación.

6.4.4. O notario gardará segredo profesional ata o acto de entrega dos premios. Ninguén, a excepción do notario, poderá saber o número de votos recibidos por cada produción ou profesional en ningunha das fases.

6.4.5. O notario só contabilizará un sobre de votación por cada académico e tomará as medidas pertinentes para impedir que se poidan duplicar as votacións.

7. ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO

7.1. A participación nos Premios Mestre Mateo da Academia Galega do Audiovisual, tanto na presentación de candidaturas como na votación, supón a aceptación total do presente regulamento.

7.2. A Xunta Directiva, e no seu caso a comisión na que delegue, será o único órgano encargado de interpretar estas bases nos casos de conflito. As súas decisións serán inapelables.

7.3. Unha vez feita pública a listaxe definitiva de candidatos ós Premios Mestre Mateo non se poderán retirar as candidaturas a categorías de produción e/ou profesionais.

A Coruña, 4 de novembro de 2013.
Xunta Directiva da Academia Galega do Audiovisual.

De acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, informámoslle que os seus datos persoais forman parte dun ficheiro, cuxo responsable é a ASOCIACIÓN ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL con domicilio social en Praza Pintor Sotomayor s/n 2º, 15001 A Coruña. A finalidade deste ficheiro é levar a cabo a xestión dos premios organizados pola Academia. Se o desexa, poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose por escrito á dirección sinalada, incluíndo unha fotocopia do seu DNI.